

NOTA EDITORIAL: Descripción deste número

Editores

Cad Aten Primaria
Ano 2010
Volume 17
Páx. 2-2

Antes de presentar a oferta deste número, rogamos desculpen os retrasos na edición de Cadernos deste ano. Paseníño iremos recuperando o tempo, co número dous antes das vacacións e o número tres, no que irán as comunicacións ás Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria.

No **EDITORIAL** deste número Fernando Souto reflexiona sobre a necesidade da medicina de familia na formación en situacións de urxencias e emerxencias, e como a AGAMFEC está esforzándose, con medios propios e profesionais docentes, en ofrecerla aos profesionais de atención primaria.

A sección **QUE HAI DE NOVO EN SAÚDE PÚBLICA?**, iniciase coa segunda parte dunha actualización, tamén de moito interese, sobre a **exposición a campos electromagnéticos**. Nas Series de Saúde Pública se continúa na liña de recomendacións de estilos de vida coa revisión sobre **actividade física e a súa influencia na prevención de enfermidades crónicas**. Finaliza esta sección coa presentación na web (<http://dxsp.sergas.es>) de Saúde Pública do **Sistema de Información sobre Mortalidade por Cancro de Galicia (SIMCA)**, unha documentación importante e accesible.

Neste número publícanse varios **ORIXINAIS**, un no que nos describe o grao e a que está asociada a **sobrecarga do cuidador principal de pacientes inmobilizados en atención primaria**, outro no que se recolle a **percepción de calidade nas consultas de dolor nun centro de saúde**, e un terceiro no que se analiza a **frecuentación a un servizo de urxencias extrahospitalario, os motivos de consulta, a opinión dos usuarios e posibles solucións**.

En **PARA SABER DE...** ofrecemos unha serie e rigorosa actualización sobre **Cribado de Cancro colorrectal**. ¿Estamos descoidando a atención aos pacientes no referente ao cancro colorrectal?. ¿Cal é a actualidade na literatura biomédica?. ¿Aforro económico? ¿Saturación da consultas endoscópicas? ¿Que debe facer o profesional médico de familia?. Este documento se aproxima ao coñecemento actual para facilitar a toma de decisións.

En **HABILIDADES E TERAPÉUTICA** continuamos coa serie de actualización en **ECOGRAFÍA**, técnica utilizada progresivamente por máis facultativos, coa autoría principal do Dr Vicente Fernández Rodríguez, e que nesta ocasión revisa a **vesícula biliar e vías biliares**. Non esquecemos o **ECG**, esta vez para aproximarnos ao estudo do **Síndrome do QT longo**, isto que sempre hai que revisar nos ECG e que na práctica a todo o mundo lle resulta complicado. ¿Que é? ¿Como se diagnostica? ¿Cales son as causas e consecuencias?. Un traballo que non debemos deixar de mirar, xa que non é doado encontrar na bibliografía revisións similares. Por último, iniciamos unha nova serie, unha **NOVIDADE**: unha descrición e aproximación a situacións de **Urxencias, Emerxencias e Catástrofes**. Baixo a mirada da Coordinación 061 ou baixo a mirada dos profesionais galegos que traballan en Urxencias. **CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA** quiere revisar as técnicas e

utilidades da medicina de urxencias polo que a partir deste número vaise procurar introducir contidos atractivos nesta materia.

Unha interesante **ALERTA BIBLIOGRÁFICA CON IMPACTO CLÍNICO** na que se pregunta e contesta **¿A vitamina D é eficaz na prevención das fracturas non vertebrais?**, analizando o estudo Prevention of Nonvertebral Fractures With Oral Vitamin D and Dose Dependency A Meta-analysis of Randomized Controlled Trials. Heike A. Bischoff-Ferrari, DrPH; Walter C. Willett, DrPH; John B. Wong, MD; Andreas E. Stuck, MD; Hannes B. Staehelin, MD; E. John Orav, PhD; Anna Thoma, MD; Douglas P. Kiel, MD; Jana Henschkowski, MD. Arch Intern Med. 2009;169(6):551-561.

Continuamos coa sección **CASOS CLÍNICOS**, apreciada polos lectores, cun importante compoñente formativo. Nesta ocasión se estudan "adolescente con dolor dorso-lumbar", "Varón de 38 anos con dificultade na visión próxima", "Varón de 83 anos con dermatite exfoliativa", "Tumefacción de cóbado en varón de 72 anos", "Utilidade da radioloxía abdominal nun paciente con dolor abdominal", "Mozo con dolor de cadeira".

En **CARTAS AO DIRECTOR** se publica un caso clínico curioso e interesante sobre **Rotura bilateral do tendón de Aquiles asociado ao uso do levofloxacino: descrición dun caso e revisión da literatura**.

En **COLABORACIÓN**s se presenta un documento de **análise do acordo de xestión 2010 para atención primaria**, unha revisión dos obxectivos de xestión e asistenciais realizado por expertos na materia como son Jesús Rey e Ana Clavería. É moi satisfactorio poder ofrecer o seguinte traballo nesta sección, un documento ligado á parte **COMUNITARIA** da Medicina de Familia, **Fundación Vicente Ferrer: un modelo de intervención comunitaria para acadar os obxectivos de desenvolvemento do milenio**, unha análise do traballo desta Fundación desde a visión (impactante) in situ das autoras, persoas que xa coñecían experiencias previas de traballo en ONGs.

Afortunadamente, podemos presentar outra **NOVIDADE** neste número, **unha serie de Medicina Popular en Galicia**, comprometida para este ano polo Dr Pablo Vaamonde, empezando por un documento sobre **"Os Ofrecidos"**. Como é habitual nos títulos deste compañeiro médico de familia e escritor, o seu traballo resulta agradable, de moi fácil lectura, descritivo e cun toque de humor nicrariense particular.

Continuamos tamén neste número coa sección de **HUMANIDADES** onde se presenta un achegamento á figura de **Miguel Gil Casares** e unhas **reflexións sobre a Historia da Medicina**.

Mantemos a sección de **LIBRE OPINIÓN**, que aspira a ser un FORO de discusión aberto, por parte de calquera que o desexe, de **ESPAZO PARA O DEBATE**. Neste número se publican dous traballos: **A atención primaria ameazada**, de Pablo Vaamonde, e **unha opinión crítica sobre o IANUS** por parte de Ramón Veras.